

EXCMO CONCELLO DE RIVEIRA

DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE

DECRETO: Subsanación de erros da Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS para atender as necesidades do Concello.

VISTO o expediente que se tramita para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS a fin de prover as necesidades dos diferentes servizos que conforman este Concello derivadas de acumulación de tarefas, incapacidades temporais, maternidade, paternidade, vacacións e situacións análogas que non poidan ser atendidas polo persoal que con carácter permanente presta os seus servizos no mesmo, a través do proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada na data 06/06/2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 111 do 13/06/2019, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Riveira, así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, e no xornal "La Voz de Galicia" na súa edición do 13/06/2019.

VISTO que por Decreto da Alcaldía de data 31/07/2019, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de referencia.

VISTO que con posterioridade ao mencionado Decreto e a instancia de parte interesada, se advertiu erro material no mesmo, ao non figurar na citada listaxe varios/as aspirantes que tiñan presentada a súa solicitude en tempo e prazo.

Esta Alcaldía, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e en uso das facultades que lle están conferidas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Efectuar a oportuna corrección do erro existente no Decreto de data 31/07/2019 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de referencia, e incluír na mencionada listaxe provisional aos/as aspirantes que de seguido se relacionan:

Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I./N.I.E	Admitido/a
Capeáns Pardo Carla	***0302**	Si
González Vecín Beatriz	***3245**	Si
Llovo Otero Eva	***3351**	Si
Rey Barral Eduardo José	***8882**	Si
Seoane Estevez Rebeca	***5803**	Si



A inclusión dos/as aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

Segundo.- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicárase no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Así mesmo, a título informativo e complementario, publicárase na páxina web do Concello de Riveira (www.riveira.es) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

De conformidade co disposto na Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, **os/as aspirantes dispoñen dun prazo de 3 DÍAS HÁBILES, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, de ser o caso.**

Así o decreta e asina o alcalde, Manuel Ruiz Rivas, en Riveira á data da sinatura dixital, do que da fe o secretario xeral accidental, José Martínez de Llano Orosa.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000604F700B4X6D0W1D1K7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 02/09/2019
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 02/09/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/09/2019 09:23:04

DECRETO: 201909/003

Fecha: 02/09/2019

Hora: 09:21

Persona 33228537T

